

**SESIÓN ORDINARIA CONXUNTA DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS PERMANENTES DO DÍA 18 DE
FEBREIRO DE 2021**

**COMISIÓN INFORMATIVA DE PRESIDENCIA, ECONOMÍA, FACENDA, RECURSOS HUMANOS E
DESENVOLVEMENTO SOCIOECONÓMICO**

Rogos e preguntas

Rogo do PP presentado por escrito

Rexistrado de entrada ao núm. 999/790 o día 12 de febreiro de 2021, xunto cun rogo presentado a Comisión Informativa de Urbanismo.

Único. Por medio de escrito do 22 de xaneiro deste ano, o Grupo municipal popular interesou que se publicara na páxina web do noso concello, a videoacta do pleno ordinario do 27 de maio de 2021, a pesar do cal, a dita videoacta segue sen estar publicada.

De aí que desde o Grupo Municipal Popular se interesa do concelleiro competente que se dea cumprimento a tal petición á maior brevidade posible.

O señor alcalde contesta que non van atender o rogo, xa que aínda non están no 27 de maio de 2021. Pídelles que fagan un novo rogo por escrito para saber que tipo de videoacta queren que se publique.

Rogo de AV presentado por escrito

Rexistrado de entrada ao núm. 999/789 o día 12 de febreiro de 2021, xunto co resto de rogos e preguntas presentados ás comisións informativas.

Único. Vendo a situación de crise económica que está afectando a diferentes sectores produtivos do municipio, na maioría pequenos comerciantes e tamén co fin de abrir o campo de novos sectores de traballo que non están a ser explotados no municipio, como o sector primario.

E dada a convocatoria á que foi invitado a participar o Concello de Cambre para formar parte da Rede Eusumo e realizar actividades de promoción e impulso do cooperativismo e da economía social.

Rogamos a adhesión do concello á rede e a incorporación de iniciativas para promover o cooperativismo e a economía social.

Don Diego Alcantarilla Rei, concelleiro delegado da Área de Desenvolvemento Socioeconómico, contesta que o Concello de Cambre xa tiña este servizo compartido co Consorcio das Mariñas, pero dende hai dous

anos o Consorcio non está adherido e a Deputación da Coruña só está adherida para a utilización de locais, aínda que non tiveron demanda.

Conclúe dicindo que Emprego si está capacitada, pero non existe demanda nin no municipio nin no resto da comarca, polo que van a rexeitar o rogo.

Preguntas do PP presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 999/795 o día 12 de febreiro de 2021, xunto con parte das preguntas presentadas para a Comisión Informativa de Urbanismo.

Antes de dar lectura ás preguntas presentadas, don Juan María Abalo Castex, do PP, manifesta que tiñan pedido a palabra respecto do rogo presentado anteriormente. Quere acollerse á posibilidade de facer rogos orais e como segundo rogo pedir que se lles conteste por escrito e que se lles remita por correo electrónico o visionado da acta do mes de maio, ou que se lles remita un CD. Tamén quere pedir que se lles remita o informe.

O señor alcalde manifesta que se lles contestará por escrito no momento en que se poida.

1ª Á vista do proceso selectivo aberto para a provisión dunha praza de bibliotecario no noso concello, desde o Grupo Municipal Popular pregúntase:

- Estado no que se atopa o dito proceso selectivo.

Dona María Dolores Pan Lesta, concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos contesta que están na fase de alegacións á lista provisional de admitidos e excluídos, que se publicou no día de onte.

2ª Por que estando vacante a praza de bibliotecario se convoca un concurso de méritos para dotar interinamente esa praza e non un proceso selectivo por oposición libre?

Dona María Dolores Pan Lesta, concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos contesta que porque é o sistema xeral de provisión de postos con carácter interino.

3ª Nos últimos días fomos coñecedores da reincorporación do arquitecto municipal titular á súa praza, á vista do cal desde o Grupo Municipal Popular se pregunta:

- Cantos arquitectos superiores prestan actualmente os seus servizos na Concellería de Urbanismo?

Dona María Dolores Pan Lesta, concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos contesta que dous.

4ª Cantas prazas de arquitectos municipais existen actualmente no noso concello?

Dona María Dolores Pan Lesta, concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos contesta que unha.

5ª Relación de persoal que actualmente presta os seus servizos na Concellería de Urbanismo con indicación do sistema de provisión: interinidade, contratado, funcionario.

Dona María Dolores Pan Lesta, concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos contesta que en Urbanismo hai actualmente 13 postos de traballo. Todos estes postos, menos dous, están ocupados por funcionarios de carreira. Interinamente están ocupados os da apareladora municipal e o encargado de obras.

A maiores, hai dous postos máis que se corresponden cun programa de carácter temporal.

6ª Respecto do cumprimento das normas derivadas da pandemia, desde o Grupo Municipal Popular pregúntase ao señor alcalde polo número, causa e multas impostas polo noso concello no último mes por causa dos expedientes sancionadores abertos a persoas e locais á vista das restricións, peches e incumprimentos.

O señor alcalde manifesta que non se dá resposta a esta pregunta porque non pertence a esta comisión.

Preguntas de AV presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 999/789 o día 12 de febreiro de 2021, xunto co resto de rogos e preguntas presentados ás comisións informativas.

1ª Dados os numerosos anuncios por parte do concello das medidas que permitirán a chegada de Internet de alta velocidade a diferentes parroquias do concello con data estipulada de finalización finais do 2021.

Preguntamos se esta actuación está cumprindo as previsións que estaban marcadas e que parroquias se están a beneficiar xa do servizo de Internet de alta velocidade.

Dona María Dolores Pan Lesta, concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos, contesta que se fixo a consulta a empresa e aínda non lles teñen contestado. Cando respondan enviaralles a resposta por escrito.

2ª Nos últimos días foron publicados os datos sobre o estado das solicitudes e aboamento a diversos empresarios/as solicitantes das axudas municipais derivadas do Covid, e visto que hai algún caso no que se rexeitou a solicitude por parte do concello, preguntamos se aos solicitantes que lles foi rexeitada a axuda se lles está a ofrecer algunha alternativa.

Don Diego Alcantarilla Rei, concelleiro delegado da Área de Desenvolvemento Socioeconómico, contesta que están estudando se poden favorecer co Consolida Cambre 2021 a aquelas empresas que non se viron beneficiadas nas anteriores convocatorias, tanto no Consolida como no plan da Deputación.

COMISIÓN INFORMATIVA DE URBANISMO, OBRAS, SERVIZOS, SEGURIDADE CIDADÁ, EDUCACIÓN, MOBILIDADE, MEDIO AMBIENTE E SANIDADE

Rogos e preguntas

Rogos do PP presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 999/790, núm. 999/791, núm. 999/793 e núm. 999/794 o día 12 de febreiro de 2021, xunto co rogo presentado a Comisión Informativa de Presidencia.

1º Son numerosas as queixas recibidas respecto do funcionamento do servizo de recollida de mobles e aveños no noso municipio, así como da información existente polo procedemento a seguir. Consecuencia diso é que, como veciños, todos temos advertido a existencia de situacións como a que reflicten as fotografías que se achegan (neste caso en Altamira, nun lugar de elevado tránsito rodado), na que mobles vellos e electrodomésticos en desuso, amontóanse durante días xunto aos contedores de lixo, o que podería evitarse cunha correcta sinalización e unha boa campaña de información e concienciación dos nosos veciños respecto do medio ambiente.

De aí que, desde o Grupo Municipal Popular, se interese da concelleira competente que se adopten as medidas oportunas para resolver os problemas advertidos.

O señor alcalde contesta que non está presente a concelleira de Servizos e Seguridade Cidadá, pero pregunta cal é o punto exacto que aparece nas fotografías, para poder localizalo. En todo caso, informa que hoxe mesmo se ten incorporado un enlace na páxina web municipal denominado Corsorcio das Mariñas, para poder pedir o servizo.

Don Juan María Abalo Castex, do PP, explica que é en Altamira, xusto onde se fai o cambio de sentido.

2º Son numerosas as ocasións nas que o Grupo Municipal Popular ten denunciado o deficiente estado no que se atopa a sinalización e paneis informativos dos diferentes puntos do noso municipio. No pasado mes de xaneiro o fixemos da existente no Paseo dos Templarios e neste mes de febreiro o facemos da existente na ponte das Insuas e Cela, onde, tal e como se observa nas fotografías que se achegan, obsérvanse pintadas e deterioración evidente, que impiden ou dificultan poder ler o seu contido.

De aí que, desde o Grupo Municipal Popular se interesa que pola concelleira competente se adopten as medidas necesarias para limpar e rehabilitar a sinalización e os paneis informativos referidos.

Don Ramón Boga Moscoso, concelleiro con delegación especial dos servizos de Turismo e Patrimonio, acepta o rogo e informa que están facendo unha valoración dos paneis existentes para facer un arranxo.

Don Juan María Abalo Castex, do PP, pregunta se se refire soamente aos paneis informativos do río Mero.

Don Ramón Boga Moscoso contesta que en principio é o paseo fluvial, pero teñen previsto facer unha previsión dende o paseo marítimo.

O señor alcalde engade que os paneis son de hai moitos anos, e o que se intenta facer é unha nova impresión con novos contidos e máis actualizados.

3º Tras ser traído por este Grupo Municipal Popular o lamentable estado no que se atopa a rúa Lourenciño, o tempo transcorrido non fai máis que agravar os problemas postos de manifesto e a necesidade de adoptar medidas que melloren o estado de limpeza e salubridade dun dos accesos máis transitados á capital municipal.

De aí que, desde o Grupo Municipal Popular se interese que polo Goberno municipal se adopten as medidas necesarias para resolver, á maior brevidade, os problemas reiteradamente advertidos.

Don Juan González Leirós, concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras, acepta o rogo.

4º Veciños de distintas parroquias do noso municipio alértannos da necesidade de establecer algún sistema de ancoraxe dos contedores de lixo á vista de que, tal e como se observa nas fotografías que se achegan, os sucesivos temporais que estamos vivindo este inverno provocan que se envorquen e despracen fóra do lugar no que foron colocados. Todo o anterior co evidente problema para a seguridade viaria que provoca o descontrol dos ditos elementos, tal e como se observa na fotografía que se achegan, recollidas no Paseo Marítimo do Temple na confluencia coa rúa Vicente Risco.

De aí que, desde o Grupo Municipal Popular se solicite que se adopten as medidas necesarias para evitar o desprazamento e caída dos contedores de lixo no noso municipio.

O señor alcalde contesta que a concelleira delegada da Área de Servizos e Seguridade Cidadá informoulle que isto xa foi trasladado ao Consorcio das Mariñas para que adopten as medidas que estimen oportuno.

Rogo de AV presentado por escrito

Rexistrado de entrada ao núm. 999/789 o día 12 de febreiro de 2021, xunto co resto de rogos e preguntas presentados ás comisións informativas.

Único. Ante numerosas queixas de veciñas e veciños que ultimamente chegan a este grupo municipal sobre o maltrato ao que se ven afectadas diversas zonas por mor da actuación de “madeiristas” e un posible incumprimento das normativas.

Rogamos que se faga un seguimento máis exhaustivo e continuo deste tipo de actuacións.

Don Juan González Leirós, concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras, contesta que xa están niso. No 2020 as solicitudes foron 26 e todas foron resoltas. Houbo 9 denuncias e localizáronse aos infractores.

Conclúe dicindo que no 2021 hai 6 solicitudes, todo correcto, e 2 denuncias. Estase facendo un seguimento.

O señor alcalde pide a colaboración cidadá para denunciar estes feitos. Di que canto máis chamen, máis se poderá facer.

Preguntas do PP presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 999/795 e ao núm. 999/796 o día 12 de febreiro de 2021, xunto coas preguntas presentadas para as demais comisións informativas.

1ª-2ª e 3ª Ante o peche perimetral que vive o noso municipio con ocasión da pandemia derivada do Covid-19, tense incrementado o uso polos nosos veciños dos espazos, camiños e lugares públicos por onde pasear e facer deporte, o que tamén ten posto en evidencia as deficiencias e carencias que se observan nalgúns deles, como a contorna da ponte das Insuas, contorna que parece non está sendo rozada e limpada máis aló da mota do río cara arriba, razón pola cal dende o Grupo Municipal Popular se pregunta:

- Cal é o motivo polo que non está sendo limpado e rozado a dita contorna?

- Está previsto realizar algún traballo de limpeza e roza?
- No suposto de que así sexa, para cando está prevista a dita actuación?

O señor alcalde expón que estas tres primeiras preguntas son temas da concelleira delegada da Área de Servizos e Seguridade Cidadá, que leva directamente o enxeñeiro de camiños municipal, o cal está de baixa, polo que non lles poden contestar.

Don Juan María Abalo Castex, do PP, solicita que se trate a 6ª pregunta que se incluíu na comisión anterior e que non se contestou porque se dixo que non era competencia dela.

Cando son as catorce horas e trinta minutos, dona María Olga Santos López, de EU-Son en Común e integrante do Grupo Mixto, pide desculpas e auséntase da sesión.

O señor alcalde contesta ao concelleiro popular que tanto as tres primeiras preguntas desta comisión relativas ao río Mero, como a que se incluíu en 6º lugar na comisión anterior, serán contestadas por escrito.

4ª e 5ª Nos últimos días fomos coñecedores de que o noso concello tense adherido ao Convenio co Colexio de Arquitectos para axilizar trámites, razón pola cal, desde o Grupo Municipal Popular pregúntase ao concelleiro de Urbanismo:

- Cales son os termos do dito convenio?
- Que beneficios vai reportar ao noso concello na tramitación administrativa de expedientes?

Don Juan González Leirós, concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras, contesta que non é un convenio entre o Colexio de Arquitectos e o concello, senón coa Deputación. Trátase dunha funcionalidade que se incluíu no TEdC e beneficia a todos os concellos adheridos ao proxecto da Deputación.

O acordo axiliza a tramitación no Rexistro de Entrada, xa que antes era necesario escanear unha serie de documentación, e agora evítase o papel e axilízase a xestión ao solicitante.

Preguntas de AV presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 999/789 o día 12 de febreiro de 2021, xunto co resto de rogos e preguntas presentados ás comisións informativas.

1ª Hai uns meses aprobouse a solicitude dunha subvención ao IDAE para a mellora da eficiencia enerxética na iluminación pública. Preguntamos en que punto do proceso se atopa a renovación da iluminación pública que foi anunciada o pasado ano.

Don Juan González Leirós, concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras, contesta que están na fase de redacción do proxecto.

2ª Dada a solicitude que fixemos no pasado pleno para a “posta en regra” da acumulación de vehículos presente nos Campóns, preguntamos:

En que situación se atopa o servizo de guindastre e depósito de vehículos municipal?

O señor alcalde informa que contestará por escrito a concelleira delegada da Área de Servizos e Seguridade Cidadá.

COMISIÓN INFORMATIVA DE CULTURA, DEPORTES, XUVENTUDE E BENESTAR SOCIAL

Rogos e preguntas

Rogo de AV presentado por escrito

Rexistrado de entrada ao núm. 999/789 o día 12 de febreiro de 2021, xunto co resto de rogos e preguntas presentados ás comisións informativas.

Único. A uns meses da chegada do verán e visto o caso do pasado ano, sen practicamente ningún tipo de programación de actividades nin deportivas, culturais, educativas ou sociais.

Rogamos que este ano se fagan previsión de programas de actividades para en canto avancemos de situación.

Don Daniel Mallo Castro, concelleiro de Cultura, Deportes e Xuventude, antes de contestar di que quere puntualizar que no ano 2020 as áreas de Deportes, Cultura, Xuventude e Educación levaron a cabo todas aquelas actividades que a situación sanitaria permitiu, adaptando continuamente os protocolos ás normativas que ditaba a Xunta de Galicia. Entre concertos, actividades culturais, teatro, actuacións de arte na rúa, campamentos deportivos e de ocio, Open Science, etc., foron máis de 118 actividades dende o mes de marzo de 2020.

En canto ao rogo presentado, di que non o poden aceptar, porque a programación existe, o que non poden dar son as datas nas que se levarán a cabo as actividades porque estarán supeditadas á situación epidemiolóxica.

Continúa dicindo que o que si lles pode adiantar é que todos os elementos precisos para as actividades están planificados e incluídos dentro do contrato de “Colaboración na organización de actividades/eventos deportivos e culturais organizados polo Concello de Cambre”, polo que só falta ter o permiso e coñecer as posibles restricións para poder comezar coas actividades.

As rutas de sendeirismo están contratadas e planificadas coas limitacións existentes; o campamento multideportivo de verán que non se puido realizar no 2020 está prorrogado para este ano, polo que se a situación o permite os nenos e nenas do concello o terán á súa disposición; a carreira popular o día do deporte na rúa, o torneo de xadrez de verán, di que todo está preparado, polo tanto, non poden aceptar o rogo.

Conclúe dicindo que teñen planificado todo o que a día de hoxe se pode planificar, xa que a incerteza a que lles somete o Covid-19 continúa.

Preguntas do PP presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 999/796 o día 12 de febreiro de 2021, xunto con algunha das preguntas presentadas para a Comisión de Urbanismo.

1ª-2ª-3ª-4ª-5ª e 6ª Nos últimos días o Concello de Cambre ten anunciado a reactivación do servizo de atención psicolóxica e terapéutica que xa se tiña instaurado ao principio da pandemia e aos poucos meses deixou de ser prestado. Ante tal anuncio desde o Grupo Municipal Popular se pregunta:

- Cales son os motivos polos que o servizo foi instaurado e apenas dous meses despois suprimido?
- Que cambio se produciu para que despois de ser restituído o servizo agora se volva establecer?
- Tense valorado a posibilidade de que este servizo xa estea sendo prestado por outras administracións públicas?
- Cal é a titulación dos profesionais que van prestar o servizo?
- Vai ser prestado polos mesmos profesionais que o foron ao principio da pandemia?
- Cal é o custo previsto para este servizo nos tres meses de duración e con cargo a que partida?

O señor presidente aclara que está na vontade do Goberno municipal contestar, pero que estas 6 preguntas corresponden á materia de Sanidade, é un tema sanitario e, polo tanto, convídaos a traelo á comisión correspondente, ou serán contestadas por escrito.

Dona María Jesús González Roel, do PP, manifesta que o consideran un tema de Benestar Social.

Don Miguel Ángel Gutiérrez Niego, concelleiro delegado da Área de Educación, Medio Ambiente, Mobilidade e Sanidade, explica que a contratación se fixo dende Sanidade, e reitera o dito polo señor presidente, que poden traer as preguntas á comisión competente ou serán contestadas por escrito.

Dona María Jesús González Roel manifesta que poden contestarlles por escrito.

Preguntas de AV presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 999/789 o día 12 de febreiro de 2021, xunto co resto de rogos e preguntas presentados ás comisións informativas.

1ª e 2ª Dada a adhesión ao novo convenio de teleasistencia municipal:

- Cal é o protocolo actual de actuación do servizo, dende que se recibe a chamada ata o final da intervención?
- Que novidades trae neste senso este novo convenio?

Dona Lúa Sanguñedo Álvarez, concelleira delegada de Benestar Social, contesta que non é un novo convenio, é unha renovación do xa existente. Lévese con el dende o ano 2004.

Di que o tema do protocolo segue sendo o mesmo, a empresa é a mesma, o único que antes era 2 ou 3 veces o IPREM e agora é o 2,5 ou 3,5. É o único que cambiou.

3ª Ante as actividades en liña que se están a desenvolver dende o Departamento de Xuventude, queríamos coñecer cales son as cifras de participación nelas.



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

Don Daniel Mallo Castro, concelleiro delegado da Área de Cultura, Deportes e Xuventude, contesta que o tanto por cento de ocupación é do 67%, e a día de hoxe hai dúas actividades que aínda están en proceso de presentación de solicitudes.